

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 28 DE MARZO DE 2023

PRESIDENTE:

O alcalde, D. Óscar A. García Patiño

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto
D. Daniel Mallo Castro
D.^a María Dolores Pan Lesta
D. Diego Alcantarilla Rei

NON ASISTEN:

D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez
D.^a Elisa Pestonit Barreiros

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas e dous minutos do día vinte e oito de marzo do ano dous mil vinte e tres, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. Óscar A. García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Juan González Leirós, D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, D. Daniel Mallo Castro, D.^a María Dolores Pan Lesta e D. Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten á sesión a Sra. concelleira D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez Sra. concelleira D.^a Elisa Pestonit Barreiros.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 21 DE MARZO DE 2023

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 21 de marzo de 2023, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 21 de marzo de 2023.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Orde de 13 de marzo de 2023, da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2023 (código de procedemento (TR351A). BOG núm. 56, do 21-03-2023.

- Extracto da Resolución número 2023/10214, de 14 de marzo de 2023, da Presidencia da Deputación da Coruña, pola que se aproba a convocatoria do Programa de socorrismo dirixido aos concellos de menos de 50.000 habitantes do interior da provincia da Coruña durante o exercicio 2023. BOP núm. 55, do 21-03-2023.
- Real decreto 189/2023, de 21 de marzo, do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática, polo que se modifica o Real decreto 1799/2003, de 26 de decembro, polo que se regula o contido das listas electorais e das copias do censo electoral. BOE núm. 69, do 22-03-2023.
- Resolución número 2023/11484, do 21 de marzo, Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica, pola que se aproba a concesión das axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2023 (PEL-Concellos). Figura como beneficiario o Concello de Cambre, co obxecto "programa de integración laboral", cun importe de subvención de 52.000 euros. BOP núm. 57, do 23-03-2023.
- Orde HFP/272/2023, de 21 de marzo, do Ministerio de Facenda e Función Pública, pola que se establecen os criterios de distribución ás entidades locais da compensación prevista na disposición adicional octoxésima da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023. BOE núm. 70, do 23-03-2023.
- Corrección de erros. Orde de 6 de marzo de 2023, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede a súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento PL400A). DOG núm. 59, do 24-03-2023.
- Resolución de 16 de marzo de 2023, do Consello de Contas de Galicia, pola que se anuncia a publicación do informe de fiscalización horizontal sobre percepcións económicas non salariais e indemnización de gastos efectivos en entidades locais: indemnizacións por razón do servizo, asistencias e outros gastos. DOG núm. 59, do 24-03-2023.
- Orde de 21 de marzo de 2023, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se establecen as bases reguladoras de carácter plurianual e en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas a concellos para a construción, reforma, reparación, adecuación ou mellora de instalacións deportivas de titularidade municipal e para a adquisición de material deportivo inventariable, e se procede a súa convocatoria para os anos 2023 e 2024 (código de procedemento DE401C). DOG núm. 60, do 27-03-2023.
- Resolución de 28 de febreiro de 2023, de Augas de Galicia, pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Resolución de 23 de agosto de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a realizar de auditorías municipais das redes de saneamento para a detección de infiltracións, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento AU301D). Figura o Concello de Cambre, cun importe de subvención de 15.000 euros. DOG núm. 61, do 28-03-2023.

3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DA ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, ditadas dende o día 17 ao 23 de marzo de 2023, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 447/2023 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 495/2023, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
447/2023	17-03-2023	Asignar o número 16-B, ao local destinado a viveiro situado no lugar de Lendoiro, Cecebre CP 15650, Cambre (A Coruña)
448/2023	17-03-2023	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a RGV e CSG, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
449/2023	17-03-2023	Suspender inmediatamente os actos que están a realizar os herdeiros de MVRM, consistentes na execución dun muro, na parcela sita en Golpilleiras, Santa Maria de Vigo, sen o preceptivo título habilitante, de acordo co artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia
450/2023	17-03-2023	Iniciar expediente de orde de execución ao MTMe, para que retire os materiais residuais depositados, na parcela sita en Monte (Bribes), de acordo co disposto polos artigos 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
451/2023	17-03-2023	Suspender inmediatamente os actos que están a realizar BMMO e LTP, na parcela sita en Piñeiro Cecebre, consistentes na rehabilitación integral de vienda e anexos, sen título habilitante, de acordo co artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia
452/2023	17-03-2023	Iniciar expediente sancionador a AK, S.L, como consecuencia da presunta comisión dunha infracción grave, consistente en ensuciar a vía pública con graxa desde o establecemento denominado Abeleira ata o colector do lixo sito no inicio da rúa Luis Seoane, tipificada no artigo 10 da Ordenanza municipal reguladora da limpeza viaria e ornato publico, propoñéndose unha sanción de 751 euros, de acordo co disposto no artigo 28.2 da citada norma
453/2023	17-03-2023	Iniciar expediente de orde de execución a JMM para a retirada dos materiais residuais existentes na parcela sita en Castrillón, Pravio, de acordo co disposto polos artigos 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes
454/2023	17-03-2023	Suspender inmediatamente a talla que está a realizar a empresa HGR, SL, nas parcelas sitas no lugar de Fontemoura, Santa Maria de Vigo, facendo uso do camiño público municipal 1C.1.0164, sen ter depositado o correspondente aval, carecendo de título habilitante



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		municipal de acordo co artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia
455/2023	17-03-2023	Iniciar expediente sancionador a ÁAVC, como consecuencia da presunta comisión dunha infracción leve, tipificada no artigo 38.1 o) da Ordenanza municipal de protección contra a contaminación acústica, consistente en chillar ou vociferar perturbando o descanso dos veciños, no piso 3º do edificio sito da Travesía da Coutelana, sendo as 4:00 horas, do día 22 de febreiro de 2022, propoñéndose como consecuencia unha sanción de 200 euros, en vista do avanzado da hora na que se produciron os feitos e as molestias conseguíntes producidas aos veciños, de acordo cos artigos 29.1 e 32.3 da citada norma
456/2023	17-03-2023	Aprobar a modificación de saldos iniciais na contabilidade do ano 2022 do concepto non orzamentario "91001 Hacienda Pública IVA repercutido" por un importe de 63,54 euros, de forma que quede un saldo acreedor no concepto de 0 euros con efectos do 31 de decembro de 2022
457/2023	17-03-2023	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 21 de marzo de 2023
458/2023	17-03-2023	Conceder a autorización para exercer a venda ambulante durante os días 18 e 19 de marzo de 2023 nas inmediacións do pavillón polideportivo de Cambre en horario de mañá e tarde. Solicitante: AMiF
459/2023	17-03-2023	Aprobar a modificación de saldos iniciais na contabilidade do ano 2022 do concepto non orzamentario "91001 Hacienda Pública IVA repercutido" por un importe de 63,54 euros, de forma que quede un saldo acreedor no concepto de 0 euros con efectos do 31 de decembro de 2022
460/2023	20-03-2023	Aprobar a conta xustificativa do anticipo de caixa fixa de servizos sociais, correspondente ao período comprendido do 01/04/2022 ao 30/06/2022, e recoñecer obrigas por importe 9.844,82 euros
461/2023	20-03-2023	Acceso a información a JMAC en representación do Grupo Municipal Popular
462/2023	20-03-2023	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas permanentes do día 23 de marzo de 2023
463/2023	20-03-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 14.402,94 euros con reparos da intervención municipal
464/2023	20-03-2023	Conceder a licenza municipal solicitada para a construción dun muro de contención de formigón armado, de 13,53 metros de longo por 1,70 metros de altura, no lindeiro leste da finca sita no lugar de Peirao, parroquia de Bribes, segundo o proxecto técnico que se achega redactado polo arquitecto David Sarmiento Nogueira. Solicitante: JMM
465/2023	20-03-2023	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 88 metros lineais para o tendido dun cable de fibra óptica ata a Estación Base sita no lugar de Apartada, parroquia de Andeiro. Solicitante: TdeE, SAU
466/2023	20-03-2023	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a Cedeos, por non residir nin constar a súa residencia

		habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
467/2023	20-03-2023	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a LBR, por non residir, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
468/2023	20-03-2023	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a Juan JGM, por non residir, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
469/2023	20-03-2023	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a JRMC, dado que pola súa discapacidade se lle recoñece ter unha deficiencia visual grave que lle dificultan a utilización de transportes colectivos
470/2023	20-03-2023	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a GMM, por non residir nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
471/2023	20-03-2023	Desestimar as alegacións presentadas por NCF por canto que, tendo transcorrido con creces o prazo outorgado para a reposición da legalidade dos cerramentos obxecto do presente expediente, aínda non cumpriu o ordenado na resolución do concelleiro da Área de Urbanismo e Obras do día 21 de xuño de 2022. Impoñer unha multa coercitiva polo importe 1.000 €, polo incumprimento da resolución do concelleiro da Área de Urbanismo e Obras do día 21 de xuño de 2022, pola que se ordenou a demolición dos cerramentos realizados no linde sur da parcela
472/2023	20-03-2023	Conceder a licenza municipal solicitada para a ocupación de 12 m ² de vía pública ata o día 30 de xuño de 2023 fronte ao edificio sito na rúa Francisco Rodríguez, parroquia do Temple, con motivo das obras de instalación dun ascensor no referido edificio, obras que contan co pertinente título habilitante. Solicitante: PA, S.L.
473/2023	20-03-2023	Desestimar a solicitude de ampliación de prazo realizada por canto que se ben a solicitude presentouse un día antes do seu vencemento, non se podería ter ampliado máis que pola metade do prazo inicialmente concedido, é dicir, durante 4 días máis, se ben a día de hoxe xa transcorreron tanto o prazo inicialmente concedido como a ampliación que podería terse concedido. Solicitante: ESI, S.L. en representación de CH S.L



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

474/2023	20-03-2023	Iniciar procedemento sancionador a MEGdeM a súa responsabilidade e no seu caso a sanción correspondente como consecuencia da realización de obras consistentes na construción de 5 edificacións e unha grella, na finca sita en San Paio, Brexo
475/2023	20-03-2023	Desestimar as alegacións presentadas por NCF por canto que tal e como resulta dos antecedentes obrantes no expediente, as obras realizadas ata o día de hoxe pola interesada, consistentes na demolición, reforma e ampliación da vivenda unifamiliar sita en, parroquia de Sigrás, foron realizadas sen o preceptivo título habilitante
476/2023	20-03-2023	Aprobar a liquidación do orzamento de 2022
477/2023	20-03-2023	Visar a licenza municipal de taxi núm. 26 para o ano 2023, a instancia do seu titular, JJMBD e anotar o dito visado no Rexistro de Títulos Habilitantes (aplicación Rtaxi)
478/2023	20-03-2023	Aprobar a modificación da lista definitiva de admitidos/excluídos ao concurso-oposición para a selección dun técnico de xestión de administración xeral interino e elaboración de relación de candidatos para nomeamentos de técnicos de xestión de administración xeral interinos consistente na inclusión na mesma da aspirante dona MRBT
479/2023	21-03-2023	Levantar os reparos formulados pola intervención municipal no informe de intervención JUA núm. 89/2023 - reparo 23R, de data 14 de marzo de 2023. Aprobar as facturas por importe total de 26.691,94 euros
480/2023	21-03-2023	Conceder a licenza municipal solicitada para a colocación dun tubo para a recollida de augas pluviais fronte á finca sita no lugar de Castro, parroquia de Bribes. Solicitante: JANA
481/2023	21-03-2023	Aprobar a incorporación de remanente de crédito do exercicio 2022 número 7/2023 por importe de 3.281.539,62 euros
482/2023	21-03-2023	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a LCM por non residir nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
483/2023	21-03-2023	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a AMFdeSL por non residir, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
484/2023	21-03-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
485/2023	22-03-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
486/2023	22-03-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas con reparo da intervención municipal por importe total de 29.272,98 euros
487/2023	22-03-2023	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición

		indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a JRRV, por non residir, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
488/2023	22-03-2023	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a JCBP por non residir, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
489/2023	22-03-2023	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a JDME, por non residir, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
490/2023	22-03-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: OMF
491/2023	22-03-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: REC
493/2023	22-03-2023	Declarar que o Concello de Cambre se compromete a que no momento en que se leve a cabo o procedemento de contratación da actuación de "Recuperación do xardín da Casa Arrigada" se tramitará nos termos previstos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público
492/2023	23-03-2023	Aprobar a incorporación de remanente de crédito do exercicio 2022 número 8/2023 por importe de 1.004.605,59 euros nas aplicacións e proxectos recollidos no antedito cadro, financiada na súa totalidade con remanente de tesourería para gastos xerais
494/2023	23-03-2023	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe total de 24.212,19 euros
495/2023	23-03-2023	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, a DFDG, MNNV e GDY, por non residir nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais

4.- ASUNTOS SOBREVIDOS

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal, manifesta que desexa someter a consideración da Xunta de Goberno Local os seguintes asuntos:

- Proposta relativa á aprobación dos plans de seguridade e saúde presentados polas empresas Zona de Obra O Rosal, S.L., adxudicataria do Lote 1 (CEIP Wenceslao Fernández Flórez) e Oziona Soluciones de Entretenimiento, S.L. adxudicataria do Lote 2 (CEIP O Graxal) para a execución da obra denominada "Mellora dos parques infantís dos ceips Wenceslao Fernández Flórez e O Graxal" (expediente: 2022/C003/000022).

- Proposta relativa á adxudicación do contrato menor dos *servizos e suministros necesarios contra a praga do picudo vermello nas palmeiras das zonas municipais do Concello de Cambre* á empresa ENDOterapia VEgetal S.L, co CIF B17903527, e domicilio en Castello d'Empúries - 17486 Girona, no prezo ofertado de 11.984,61 sen IVE, 14.501,38 euros IVE incluído, por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao criterio de valoración establecido.

A Sra. Pan Lesta intervén e manifesta que xustifica a urxencia dos dous asuntos pola necesidade de comezar a execución das prestacións.

A Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia dos asuntos anteriormente citados, e é aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

A) PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN DOS PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE PRESENTADOS POLAS EMPRESAS ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L., ADXUDICATARIA DO LOTE 1 (CEIP WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ) E OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, S.L. ADXUDICATARIA DO LOTE 2 (CEIP O GRAXAL) PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DENOMINADA "MELLORA DOS PARQUES INFANTÍS DOS CEIPS WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ E O GRAXAL" (EXPEDIENTE: 2022/C003/000022).

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 27 de marzo de 2023 (CVD: hvOebsQCfaESbNJfw0B), que transcrita di:

"PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de contratación incoado co número 2022/C003/000022 para a contratación da obra "Mellora dos parques infantís dos CEIPS Wenceslao Fernández Flórez e O Graxal".

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 31 de xaneiro de 2023 polo que se adxudicou o Lote 1 (CEIP Wenceslao Fernández Flórez) do contrato de "Mellora dos parques infantís dos ceips Wenceslao Fernández Flórez e O Graxal" (expediente núm. 2022/C003/000022) á empresa Zona de Obra O Rosal, S.L., no prezo ofertado de 10.295,98 euros sen IVE, 12.458,13 euros IVE incluído, e o Lote 2 (CEIP O Graxal) á empresa Oziona Soluciones de Entretenimiento, S.L., no prezo ofertado de 23.700,00 euros sen IVE, 28.677,00 euros IVE incluído, formalizándose os correspondentes contratos con datas 9 de febreiro de 2023 (Lote 1) e 14 de febreiro de 2023 (Lote 2).

Visto o informe favorable correspondente ao Lote 1, emitido con data 22 de marzo 2023 (CVD: lf8T+Y4Clucy06+sv8Eo) polo enxeñeiro de camiños municipal, don Óscar Souto Muiño, director de obra e responsable do contrato no que entre outras cousas sinala:

(...)Visto el informe favorable de aprobación del de Seguridad y Salud, de fecha 20 de marzo de 2033, con entrada 20/03/2023 (registro de entrada 202399900001830), emitido por el coordinador de seguridad y salud, don Francisco Jesús Cobas Fernández de la empresa "Gallega de Coordinaciones, S.L.", con contrato de servicios con número de expediente 2020/C004/000022, con respecto al Plan de Seguridad y Salud elaborado por Santiago Rodríguez en representación de la empresa "ZONA DE OBRA O ROSAL", presentado con fecha 20/03/2023 y registro de entrada 202399900001830, se propone elevarlo al Órgano de Contratación para que proceda a su aprobación con los **condicionantes particulares** que ha establecido el Coordinador.(...)

Visto o informe favorable correspondente ao Lote 2, emitido con data 22 de marzo 2023 (CVD: Fgjoqwq4hbPLUJILE7J) polo enxeñeiro de camiños municipal, don Óscar Souto Muiño, director de obra e responsable do contrato no que entre outras cousas sinala:

(...)Visto el informe favorable de aprobación del de Seguridad y Salud, de fecha 21 de marzo de 2033, con entrada 21/03/2023 (registro de entrada 202399900001899), emitido por el coordinador de seguridad y salud, don Francisco Jesús Cobas Fernández de la empresa "Gallega de Coordinaciones, S.L.", con contrato de servicios con número de expediente 2020/C004/000022, con respecto al Plan de Seguridad y Salud elaborado por Juan Manuel Bravo en representación de la empresa "OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO", presentado con fecha 21/03/2023 y registro de entrada 202399900001899, se propone elevarlo al Órgano de Contratación para que proceda a su aprobación con los condicionantes particulares que ha establecido el Coordinador.(...)

Visto o informe con observacións emitido pola técnica de xestión de administración xeral con data do 27.03.2023 (CVD: wY49/iqt9v5VhXS0Fhsb).

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar os plans de seguridade e saúde presentados polas empresas Zona de Obra O Rosal, S.L., adxudataria do Lote 1 (CEIP Wenceslao Fernández Flórez) e Oziona Soluciones de Entretenimiento, S.L. adxudataria do Lote 2 (CEIP O Graxal) para a execución da obra denominada "Mellora dos parques infantís dos ceips Wenceslao Fernández Flórez e O Graxal" (expediente: 2022/C003/000022).

Segundo: Notificar este acordo aos empresas adxudicatarias, e dar traslado ao enxeñeiro de camiños municipal para a súa constancia e aos efectos oportunos.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a

Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 27 de marzo de 2023 (CVD: hvOebsQCfaESbNJfw0B), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

B) PROPOSTA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DOS SERVIZOS E SUMINISTROS NECESARIOS CONTRA A PRAGA DO PICUDO VERMELLO NAS PALMEIRAS DAS ZONAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE CAMBRE Á EMPRESA ENDOTERAPIA VEGETAL S.L, CO CIF B17903527, E DOMICILIO EN CASTELLO D`EMPÚRIES - 17486 GIRONA, NO PREZO OFERTADO DE 11.984,61 SEN IVE, 14.501,38 EUROS IVE INCLUÍDO, POR SER A EMPRESA QUE FIXO A MELLOR OFERTA ATENDENDO AO CRITERIO DE VALORACIÓN ESTABLECIDO.

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 27 de marzo de 2023 (CVD:7fyLUAPsOEYOeniEHQM), que transcrita di:

“PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o informe emitido por Légamo Infraestrutura Verde S.L. con data do 04.01.2023 no que se indica que “se realiza el presente informe por parte de la empresa LEGAMO INFRAESTRUCTURA VERDE, S.L., para los Servicios Técnicos Municipales del Concello de Cambre con vistas a poner en conocimiento de los servicios técnicos la necesidad de realizar, con carácter de urgencia, tratamientos contra el Picudo Rojo en las palmeras de la especie *Phoenix canariensis*”.

Visto o informe emitido con data do 02.02.2023 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, xefe da sección de servizos (CVD: /LXRx9Wnkkw40bDQuwbD) no que di:

“Conclusión:

En base a lo expuesto, desde el punto de vista del funcionario que suscribe, la ejecución del servicio de tratamiento anteriormente expuesto tendría la consideración de urgente ya que se trata de una necesidad puntual y sobrevenida, no prevista. La no ejecución inmediata de dichos trabajos conllevaría al incumplimiento de lo regulado en la normativa de aplicación, pudiendo por lo tanto contribuir de manera significativa a la propagación de la plaga del insecto denominado "Picudo rojo", con el consecuente daño y destrucción de estas y otras palmeras del patrimonio municipal vegetal, con el agravante de estar integradas en espacios verdes municipales de especial interés paisajístico u ornamental”.

Visto o informe técnico de necesidade asinado polo coordinador de actividades culturais e educativas con data do 28.02.2023 (CVD: mUQBpUbDz9CUQHqKK6QT), cun importe de licitación de 14.980,76 euros sen IVE, 18.126,72 euros, IVE incluído.

Visto o anuncio de licitación publicado na PLCSP con data do 28.02.2023 no que se fai constar:

“Plazo de Presentación de Oferta Hasta el 07/03/2023 a las 23:59

Observaciones: 5 días hábiles

- Las ofertas deberán presentarse a través de la sede electrónica del Ayuntamiento de Cambre (sede.cambre.es) de acuerdo con los modelos de oferta económica y declaración responsable publicados en la presente licitación”.

Visto que consta no expediente o documento de retención de crédito por importe de 18.126,72 euros con cargo á aplicación orzamentaria 1721 22699.

Visto o informe de selección do contratista emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas con data do 10.03.2023 (CVD: 95FHJL5ofxT7I12DtwSZ) no que di:

“(…)

Primeiro: Con data 28/02/2023 publicouse na Plataforma de Contratación do Sector Público anuncio de licitación para el expediente 2023/C002/000009 Servizos e suministros necesarios contra a praga do picudo vermello nas palmeiras das zonas municipais do Concello de Cambre con un prazo de presentación de ofertas ata o 07/03/2023:

Segundo: O criterio de valoración establecido e o prezo.

Terceiro: Presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan.

Empresa	PREZO OFERTADO (IVE incluído)
Lêgamo Infraestructura verde, S.L	16.392,57 €
ENDOTerapia Vegetal SL	14.501,38 €

Cuarto: Vistas as ofertas presentadas polos licitadores, a oferta máis vantaxosa é a de ENDOTerapia Vegetal SL, polo que **PROPOÑO:**

Adjudicar o contrato menor para a “Servizos e suministros necesarios contra a praga do picudo vermello nas palmeiras das zonas municipais do Concello de Cambre” á empresa ENDOTerapia VEgetal S.L, co CIF B17903527 e domicilio en :Castello d’Empúries 17486 Girona), no prezo ofertado de 11.984,61 euros máis o 21% de IVE, que supón un total 14.501,38 euros (IVE incluído), por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao criterio de valoración establecido.

“(…)”.

Visto o informe desfavorable emitido pola técnica de xestión de administración xeral, coa conformidade da secretaria xeral, con data do 25.03.2023 (CVD: mVrOOp6SKjFuJmWBS9sq), no que di:

“(…)”.

A xuízo da técnica que subscribe, estamos ante unha contratación que, se ben podería considerarse urxente, vistas as datas nas que nos atopamos e a data na que Lêgamo Infraestructura Verde S.L. informou respecto da existencia desta praga (04.01.2023), non pode atribuírselle a esta contratación o

dito carácter de urxente pois foi posible iniciar a contratación polo procedemento legalmente previsto dende a data na que se tivo coñecemento da existencia da citada praga.

Non considerando esta contratación urxente, a xuízo de quen subscribe, non se cumpren os requisitos legais esixidos para poder utilizar o contrato menor, evitando a tramitación ordinaria e, con ela, a publicidade, libre concorrancia, igualdade e transparencia que debe presidir toda a contratación.

Convén precisar que, se ben esta contratación foi publicada na PLACSP con data do 28.02.2023 (facéndose constar no anuncio de licitación que se abría un prazo de presentación de ofertas de 5 días hábiles, a través da sede electrónica deste Concello), como xa se indicou, non se segue o procedemento de contratación establecido legalmente, de tal xeito que non se respectan, entre outros aspectos, nin o prazo de presentación de proposicións nin a confidencialidade das ofertas, o que supón unha vulneración dos principios de publicidade, libre concorrancia, igualdade e transparencia que deben presidir toda a contratación pública.

Non se estudan o resto dos extremos do expediente, tanto de forma como de fondo porque, a xuízo da que subscribe, non procede a súa aprobación”.

Visto o informe de fiscalización JUA NUM 104/2023 - REPARO 29 R, desfavorable sen efectos suspensivos, emitido polo interventor municipal con data do 24.03.2023 (CVD: Cagrvepja8r8/UEizVM2).

Visto que a día de hoxe non hai instrucións da secretaría municipal sobre o procedemento a seguir para publicar na PLACPS os contratos menores para garantir máis publicidade e libre concorrancia, síguense aplicando as directrices marcadas no seu día pola anterior titular do posto, seguindo o modelo seguido no expediente 2021/C002/000248.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor núm. 2023/C002/000009 cuxo obxecto do contrato son os *servizos e suministros necesarios contra a praga do picudo vermello nas palmeiras das zonas municipais do Concello de Cambre*, con cargo á aplicación orzamentaria 1721 22699.

Segundo: Adxudicar o contrato menor dos *servizos e suministros necesarios contra a praga do picudo vermello nas palmeiras das zonas municipais do Concello de Cambre* á empresa ENDOterapia VEgetal S.L, co CIF B17903527, e domicilio en Castello d'Empúries - 17486 Girona, no prezo ofertado de 11.984,61 sen IVE, 14.501,38 euros IVE incluído, por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao criterio de valoración establecido.

Terceiro: Designar responsable do contrato ao coordinador de actividades culturais e educativas, don José Luis Martínez Názara, a quen corresponde supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Cuarto: Notificar ao adxudicatario, para que execute o contrato nas condicións acordadas, con incorporación da correspondente factura, unha vez conformada pola responsable do contrato.

Quinto: Dar traslado da presente resolución, a través da plataforma de administración electrónica TEdE, ao interventor municipal para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Sexto: Publicar o presente acordo no termos establecidos nos artigos 63.4 e 346.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e artigo 8.1 a) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Sétimo: Dar traslado da presente resolución, a través da plataforma de administración electrónica TEdE, ao responsable do contrato.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 27 de marzo de 2023 (CVD: 7fyLUAPsOEYOeniiEHQM), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formula ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e sete minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo